



Confederación Intersindical Galega

# BASTA DE ATROPELOS: O 4 DE XUÑO TODOS/AS Á FOLGA

Os traballadores de Telefónica non podemos quedar impasibles ante a estratexia da Dirección de desmantelar a empresa, segregando, exteriorizando e precarizando a actividade que realizamos actualmente.

O acordo entre a Dirección e CC.OO. e UGT para transferir a actividade de varias unidades das áreas económica e Administración á marxe dos organismos de representación e dos propios traballadores supón unha grave agresión ó emprego e abre, se non o revocamos coa mobilización, un verdadeiro abismo para o noso futuro en TESAU, tanto no mantemento do posto de traballo como nas condicións laborais.

**Supón ademais un atentado ao concepto de negociación colectiva e non podemos consentir que se desvirtúe ata o punto de que aos traballadores non se nos teña en conta para tomar decisións tan importantes que afectan o futuro de todos.**

**Por estes motivos e polas agresións constantes aos dereitos dos traballadores (Empresa Colaboradora, Seguro Colectivo de Supervivencia, etc.) os sindicatos asinantes deste comunicado decidimos iniciar un proceso de mobilizacións para revocar o acordo de t-Gestiona e contra calquera outra segregación de actividade e para recuperar os dereitos que nos pretenden expropiar. Neste sentido chamamos a todos os traballadores a responder participando masivamente nas mobilizacións. Tamén nos diriximos a todos os sindicatos que rexeiten a destrución de emprego, aos comités e delegados de calquera organización para que se opoñan aos plans da empresa e así poder defender xuntos o emprego en TESAU.**

**28 DE MAIO:** mobilizacións diversas nos ámbitos provinciais e autonómicos, en función das posibilidades en cada sitio.

**4 DE XUÑO:** paro de 4 horas con manifestación.

**EN TORNO AO 18 DE XUÑO:** novas mobilizacións.

- **CONTRA A SEGREGACIÓN DE T-GESTIONA.**
- **POLA DEFENSA DO EMPREGO ACTUAL EN TESAU.**
- **REXEITAMENTO ÁS SEGREGACIÓNS DE ACTIVIDADE E DE PERSOAS.**
- **EN DEFENSA DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA.**
- **POLO RESTABLECEMENTO DE EMPRESA COLABORADORA.**
- **POLA RETIRADA DAS SANCIÓN.**

Burgos, 20 de maio de 2003